

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 5 CINTA 1



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0001_005_en_0_43_13_id495_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0001_005_en_0_43_13_id495.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o quinto corte dos que se divide a primeira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre a arte do corricán e os instrumentos utilizados no marisqueo.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eliximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

As partes do texto que aparecen en cursiva entre corchetes “()” correspóndesen cos expresións xestuais da persoa informante ou con aclaracións do transcritor.

As partes do texto que aparecen en cursiva e pechadas entre corchetes “[]” correspóndense con partes da transcripción que non se escoitan no audio

Aclaración de termos:

“*Seco*”: Areeiro que quedaba seco coa baixamar.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcripción realizada por Xosé C. Villaverde e revisada por el mesmo no ano 2019..

PALABRAS CHAVE

Pesca , artes de pesca , curricán , marisqueo , marisco , sachó , can , angazo , salabardo , croque , longueirón

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 5 DA CINTA1

P: [*E unha pesca parecida*] ó palangre era o curricán.

R: O curricán é a lo loco ¡vamos!. A largalo a liña pola borda, pola popa, pola proa, polo costado. Pa que pesquen os que veñan detrás de ti.

P: E o curricán facíase tamén no barco ou era mais ben con chalanas e botes.

R: Aquí usaban as chalanas. Porque cando eran as rinchas, as rinchas que viñan, había por aquí ¿non?. Íbase a pescar as rinchas e non pescabas no engado, e moitas veces tiñan o instinto de pescar mellor, de comer mellor o curricán por esa aceptación. A veces, empezabas a engadar, engadar e collías rinchas, estabas engadando e pescando por riba ¿non?

P: ¿Que engadaba con xoubas?

R: Non, egadaba con xoubas ou espadín moído, e despois facías pasta e despois facías unhas bolsiñas...

P: Como lle chamaban a esa pasta?

R: Engado. Facíasno de xoubas, de sardiñas, de espadín. Entón facías unhas bol... facías así ¿non?. Facías a bolsa, , enchías a bolsa e mentres iba pa abaixo soltaba nada por aquí, pero o tirar para arriba, pola boca arriba e soltabao. Era unha bolsa de... Mentres iba a bolsa para abaixo non vertía nada, pero ó cambiar para arriba cambiaba a bolsa para abaixo....

P: Si, A boca cambiaba para abaixo, entón iba soltando....

R: Iba soltando.



P: O engado tiñano pa arriba.

R: E muitas veces cando andabas así xa os mirabas á vista. Ao curricán non os miras á vista, vas andando moitas veces nas chalanas, andabas a pescar e non nos comían, e púñaste ó curricán. O difunto de aquí, do coxo de Rogelio, moitas veces, o home empezaba a vogar, él solo, coas liñas tamén nas mans e nos remos..

P: Si, iba tirando...

R: E cando lle enganchaba pois subíannos... Foi tremendo.

P: O Barco, o curricán usaba pouco no barco ¿non? máis ben...

R: ¿Cómo?

P: O curricán non se usaba moito nos barcos. Ó mellor cando viñan de volta, cando viñan a vender.

R: Non se usaba, algunhas veces no inverno. Non era oficio fijo.

P: ¿Para pescar a rabaliza non usaban o curricán?

R: Non. Pa coller a rabaliza usan as redes. Os trasmallos, son tres redes, van dúas laxas por afóra e no medio unha chouza, para que tropece ó entrar por un lado, porque. É esto ¿non?. Aquí, tes as tres redes. Esta é laxa, esta é tamén laxa, dúas iguais, pero vai unha no medio, esta que vai no medio que é chouza.

P: É chouza, ten a malla máis tupida.

R: Si máis tupida e máis corta. Porque ó entrar por esta, xa entra na chouza e non deixa pasar a outra, empezan a andar ás voltas, entón xa se lían coas dúas..., e queda preso, non pode moverse. O traballo é desmallalos ¿comprendes?... é un pescado que pica moito.

P: É malla, queda enganchado na malla. Entón, claro é un traballón.

P: Outro tipo de sistemas de pesca que se usaban para coller máis ben o marisco, o croque mais ou menos que o collían, coa man ou...

R: Co sachó.

P: Co sachó.

R: Despois inventaron o rastrillo, despois inventaron... moitas cousas, o can.

P: O can. O can en Moaña nunca se usou ¿non?

R: ¡Ai! Agora usábase tamén

P: Ahora, xa é reciente entón.

R: Pero o can e máis o [rastrillo] usábanno as embarcacións a motor. Arrastreaban por aquí pola praia toda de Meira e collían ameixa tamén. Pero os de Meira ... prohibíronlle o can, porque era como o arrastre que desfacían os bancos donde se criaba o marisco ¿non?.

P: Esquilmaba moito.

R: E co rastrillo nestas zonas. Marcan estas zonas...

P: É co angazo, ¡vamos!

R: Co angazo, pescan co angazo.

P: E o angazo que é, é coma un ferro que ten unhas uñas, uns dentes que...

R: Ten uns dentes redondos por abaixo e por abaixo plana ¿non?

P: Ten plan e unha rede que lle sirve de cope ¿non?

R: Por esta parte ten así unha zona, e ten os dentes aquí, aquí leva a vara...

P: Leva a vara e tírase a pulso, enriba da chalana, normalmente se traballaba en chalana

P: ¿O salabardo usábase para coller croques?

R: O salabardo usábase para recollelos.

P: Para recollelos. Ahora últimamente úsase moito para collelos tamén, antes usábase para gardalos.

R: Os croques, agora úsanno para collelos en cinta, cando fan un salabardo dun aro dun barril..

P: Dun barril ou dun balde de aqueles vellos

R: Dun balde non. Entonces vas pola area e vas arrastrando. Non é coma coller coas uñas ou cos dedos e ir arrastrando, e así o aro colle máis ¿non?

P: E para coller o lingueirón que usaban

R: As mans

P: Coas mans

R: Todos estos papos dos dedos, cando terminabas ós dous días de tarefa estaban cortados, hasta, casi se mirabas o hueso.

P: Iban co sachó a buscar o buraco ¿non?

R: Coas mans, botabas as mans pola area e claro, cando o lingueirón estaba aberto, con un tropezaba ben pero outro tropezabas coa boca aberta e xa.. e tronzabas os dedos. Pois outras veces o que era débil, pois collía o sachó e ó tropezar o sachó, [contra o lingueirón] facíalle firme. Ó facerlle firme, pois paraba e iba por detrás do sachó e collíalo ¿non?

P: Agarraba co sachó o lingueirón e muitas veces partía

R: Partía, porque non sabían usar o sachó.

P: E era igual coller o lingueirón de can que o lingueirón de man.

R: É máis fácil coller o lingueirón de man

P: Era máis fino.

R: O de can é outra clase de lingueirón, xa non é o mesmo como o de..

P: Porque o de man era máis fino, comíase crudo ¿E o de can tamén?

R: Ese era máis duro, ese había que cocelo, e o outro non, xa era mais blando casi non podías... rajábaló, abríalo e comíalo.

P: Con limón comíase ben.

R: Coma si foran ameixas.

P: E tense usado a veces un arpón para coller os lingueiróns, non? Un arpón, un alambre grande que tiña...

R: Ese arpón usábanno... ¿como lle chaman?. Ten un nome e non me acorda, o aparato ese. Casi todas as mulleres que iban á area, á praia, sen saír ó mar. Na máis que cando está baixamar polos buracos que conocían. Este é un buraco dun lingueirón, botábanlle a meix..o meixón non sei como lle chaman, botábanlle así esa especie de alambre, e espichaban e espichaba no lingueirón e xa o traía para arriba, enganchado.

P: E outras veces botabaselle sal tamén nos buracos

R: Moitas veces ibas a buscar polo seco e escavabas co sachó, e ó escavar co sachó descubrías o buraco, botábanlle un pouco sal e salían á superficie arriba. Chupaban e descubrían a mitá do corpo.

P: Si, viñan para arriba.

R: Estabas cavando e ó subir xa collías aquel e ibas a outro.

P: E en canto ó marisco que outros aparatos se usaban, aparte de coller o marisco, os croques ¿usabase o angazo, coa vara?

R: A última hora usábase a vara, o angazo, o rastrillo, cada un...